



**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO
EXCELENTÍSIMO CONCELLO
PLENO DE DATA TRINTA DE
DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE
E UN**

No Salón de Sesións da Casa do Concello da cidade da Coruña, a 30 de decembro de 2021. Baixo a presidencia da **Excma. Sra. Alcaldesa, dona Inés Rey García**, e coa asistencia dos edíis **D. José Manuel Lage Tuñas, D.^a Eudoxia María Neira Fernández, D. Juan Manuel Díaz Viloslada, D.^a Eva Martínez Acón, D. Jesús Javier Celemín Santos, D.^a María Esther Dolores Fontán Prado, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D.^a Diana María Sobral Cabanas, D.^a Rosa María Gallego Neira, D. Roberto Rodríguez Martínez, , D. Antonio Deus Álvarez, D. Juan Carlos Varela Vázquez, D. Roberto García Fernández, D.^a María Teresa Gutiérrez Roselló, D.^a María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade, D.^a María García Gómez, D.^a Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D.^a Claudia Delso Carreira, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas e D.^a Isabel Faraldo Calvo**, reúñese, previa convocatoria regulamentariamente circulada, o Excentísimo Concello Pleno, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Dá fe do acto o infraescrito **secretario xeral do Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, e atópase ademais presente o **interventor xeral, don Ángel David Murado Codesal**.

Desculpan a súa ausencia as señoras concelleiras **D.^a Esperanza Peñalosa**

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DEL
EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO
PLENO DE FECHA TREINTA DE
DICIEMBRE DE DOS MIL
VEINTIUNO**

En el Salón de Sesiones de las Casas Consistoriales de la ciudad de A Coruña, a 30 de diciembre de 2021. Bajo la presidencia de la Excma. Sra. Alcaldesa, doña Inés Rey García, y con la asistencia de los ediles D. José Manuel Lage Tuñas, D.^a Eudoxia María Neira Fernández, D. Juan Manuel Díaz Viloslada, D.^a Eva Martínez Acón, D. Jesús Javier Celemín Santos, D.^a María Esther Dolores Fontán Prado, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D.^a Diana María Sobral Cabanas, D.^a Rosa María Gallego Neira, D. Roberto Rodríguez Martínez, , D. Antonio Deus Álvarez, D. Juan Carlos Varela Vázquez, D. Roberto García Fernández, D.^a María Teresa Gutiérrez Roselló, D.^a María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade, D.^a María García Gómez, D.^a Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D.^a Claudia Delso Carreira, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas e D.^a Isabel Faraldo Calvo, se reúne, previa convocatoria reglamentariamente circulada, el Excentísimo Ayuntamiento Pleno, al objeto de celebrar sesión extraordinaria en primera convocatoria.

Da fe del acto el infrascrito secretario general del Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez, hallándose ademáis presente el interventor general, don Ángel David Murado Codesal.

Desculpan su ausencia las señoras concejalas D.^a Esperanza Peñalosa



López-Pin, D.^a Avia Veira González, D.^a Mónica Martínez Lema e D.^a Isabel Faraldo Calvo.

Ás dez horas e doce minutos, a Presidencia declara aberta a sesión e pásase a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

Intervencións

Presidencia

Moi bo día a todos e a todas, benvidos a esta sesión extraordinaria do Pleno do Concello da Coruña. Saudamos a todos os membros da Corporación, señor secretario, señor interventor, persoal municipal que nos acompaña así como a aqueles que nos seguen a través do *streaming*.

Aproveito esta primeira quenda, que logo lles entran as prisas, para desexarles a todos un feliz ano 2022, nomeadamente ós membros da Corporación e persoal municipal, que teñen desenvolvido un traballo excelente ó longo deste ano 2021, un ano que tamén foi moi complicado e moi difícil, e polo tanto quero facer extensivo ese agradecemento. Agradecer especialmente tamén ós concelleiros e concelleiras todo o seu traballo durante este ano, os debates que mantivemos neste pleno, a altura dos mesmos e sobre todo o clima de respecto que ten que presidir unha corporación como a da Coruña e que eu, pois agradezo tamén especialmente.

A todos lles desexo un feliz ano 2022 e sobre todo, e nestes tempos más que nunca, moita saúde para todos vostedes e para as súas familias.

Así que sen máis preámbulos iniciamos

López-Pin, D.^a Avia Veira González, D.^a Mónica Martínez Lema y D.^a Isabel Faraldo Calvo.

A las diez horas y doce minutos, la Presidencia declara abierta la sesión y se pasa a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.

Intervenciones

Presidencia

Muy buenos días a todos y a todas, bienvenidos a esta sesión extraordinaria del Pleno del Ayuntamiento de A Coruña. Saludamos a todos los miembros de la Corporación, señor secretario, señor interventor, personal municipal que nos acompaña así como a aquellos que nos siguen a través de la retransmisión en directo.

Aprovecho este primer turno, que luego les entran las prisas, para deseárselos a todos un feliz año 2022, especialmente a los miembros de la Corporación y personal municipal, que han desarrollado un trabajo excelente a lo largo de este año 2021, un año que también fue muy complicado y muy difícil, y por lo tanto quiero hacer extensivo ese agradecimiento.

Agradecer especialmente también a los concejales y concejalas todo su trabajo durante este año, los debates que mantuvimos en este pleno, la altura de los mismos y sobre todo el clima de respeto que tiene que presidir una corporación como la de A Coruña y que yo, pues agradezco también especialmente.

A todos les deseo un feliz año 2022 y sobre todo, y en estos tiempos más que nunca, mucha salud para todos ustedes y para sus familias.

Así que sin más preámbulos iniciamos



este pleno co asunto número un, señor secretario.

PARTE RESOLUTIVA:

**ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME
INTERIOR**

Tesourería Xeral

210.- Expediente 370/2021/57

**Aprobación da Conta Xeral do
Concello da Coruña correspondente ao
exercicio 2020.**

Este asunto foi ditaminado pola Comisión Informativa de Facenda e Administración actuando como Comisión Especial de Contas celebrada o día 3 de decembro de 2021 co voto a favor do Grupo Municipal Socialista e as abstencións dos Grupos Municipais do Partido Popular, Marea Atlántica, Bloque Nacionalista Galego e da concelleira non adscrita D.^a Isabel Faraldo Calvo, acordando ditaminar favorablemente a Conta Xeral desta Corporación correspondente ó exercicio do ano 2020, nos termos que constan no expediente, e integrada polas Contas de:

- a) A Conta do propio Concello, b) os Estados e Contas Anuais da Empresa Municipal de Augas da Coruña. S.A. (EMALCSA), e c) os da Empresa Municipal Vivenda, Servizos e Actividades, S.A.U. (EMVSA) como sociedades mercantís de capital integralmente de propiedade municipal, d) a da sociedade mercantil de capital maioritariamente municipal “Edar Bens, S.A.” (participada un 69% por EMALCSA e incluída no “Grupo EMALCSA”), e) a do Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE), f) a do Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña, g) a do Consorcio para a

este pleno con el asunto número uno, señor secretario.

PARTE RESOLUTIVA:

**ECONOMÍA, HACIENDA Y
RÉGIMEN INTERIOR**

Tesorería General

210.- Expediente 370/2021/57

**Aprobación de la Cuenta General del
Ayuntamiento de A Coruña
correspondiente al ejercicio 2020.**

Este asunto fue dictaminado por la Comisión Informativa de Hacienda y Administración actuando como Comisión Especial de Cuentas celebrada el día 3 de diciembre de 2021 con el voto a favor del Grupo Municipal Socialista y las abstenciones de los Grupos Municipales del Partido Popular, Marea Atlántica, Bloque Nacionalista Galego y de la concejal no adscrita D.^a Isabel Faraldo Calvo, acordando dictaminar favorablemente la Cuenta General de esta Corporación correspondiente al ejercicio del año 2020, en los términos que constan en el expediente, e integrada por las Cuentas de:

- a) La cuenta del propio Ayuntamiento, b) los Estados y Cuentas Anuales de la Empresa Municipal de Aguas de La Coruña. S.A. (EMALCSA), y c) los de la Empresa Municipal Vivienda, Servicios y Actividades, S.A.U. (EMVSA) como sociedades mercantiles de capital íntegramente de propiedad municipal, d) la de la sociedad mercantil de capital mayoritariamente municipal “Edar Bens, S.A.” (participada en un 69% por EMALCSA e incluida en el “Grupo EMALCSA”), e) la del Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE), f) la del Consorcio de Turismo y Congresos de La Coruña, g) la del*



Promoción da Música, h) a da Fundación EMALCSA, e i) a da Fundación Luis Seoane.

Consorcio para la Promoción de la Música, h) la de la Fundación EMALCSA, e i) la de la Fundación Luis Seoane.

Intervencíons

Señor Secretario

Unicamente disculpar a doña Esperanza Peñalosa, doña Avia Veira, doña Mónica Martínez, doña Isabel Faraldo.

Asunto número un: expediente 370/2021/57 Aprobación da Conta Xeral do Concello da Coruña correspondente ao exercicio 2020.

Presidencia

Moi ben, moitas grazas.

Exporá o asunto o voceiro do Goberno, señor Lage Tuñas, e despois haberá unha única quenda de cinco minutos por cada un dos grupos municipais.

Señor Lage, ten a palabra.

Señor Lage Tuñas

Bo día. Grazas, señora alcaldesa. Bo día a todas e a todos.

A Conta Xeral do ano 2020, ditaminada na correspondente Comisión Informativa, vén hoxe a Pleno para culminar o seu trámite de aprobación. Quero recordar que a Conta Xeral é un documento que nos permite coñecer a situación financeira do Concello e tamén das empresas e organismos municipais, unha radiografía contable que representa este informe, avalando que tamén no primeiro ano de pandemia, e malia a problemática derivada da COVID-19, o Goberno que preside Inés Rey ten feito os seus deberes con datos positivos.

Intervenciones

Señor Secretario

Únicamente disculpar a doña Esperanza Peñalosa, doña Avia Veira, doña Mónica Martínez, doña Isabel Faraldo.

Asunto número uno: expediente 370/2021/57 Aprobación de la Cuenta General del Ayuntamiento de A Coruña correspondiente al ejercicio 2020.

Presidencia

Muy bien, muchas gracias.

Expondrá el asunto el portavoz del Gobierno, señor Lage Tuñas, y después habrá un único turno de cinco minutos por cada uno de los grupos municipales.

Señor Lage, tiene la palabra.

Señor Lage Tuñas

Buenos días. Gracias, señora alcaldesa. Buenos días a todas y a todos.

La Cuenta General del año 2020, dictaminada en la correspondiente Comisión Informativa, viene hoy a Pleno para culminar su trámite de aprobación. Quiero recordar que la Cuenta General es un documento que nos permite conocer la situación financiera del Ayuntamiento y también de las empresas y organismos municipales, una radiografía contable que representa este informe, avalando que también en el primer año de pandemia, y a pesar de la problemática derivada de la COVID-19, el Gobierno que preside Inés Rey ha hecho sus



deberes con datos positivos.

A situación financeira deste concello é unha situación saneada, é unha situación de solvencia tanto no curto como no medio e longo prazo. Un ano máis o Concello, malia a redución de ingresos constatada polos peches parciais e totais decretados polas medidas de contención sanitaria, pecha o seu exercicio cun resultado positivo, rematando o ano con 6,5 millóns de euros de remanente de tesourería para gastos xerais, unha cifra que dá conta, por unha banda, da boa execución orzamentaria, máis tamén da prudencia financeira do Goberno municipal á hora de administrar os recursos públicos. O equilibrio entre o que ingresabamos e o que executabamos tamén se pon de manifesto ó ver este análise. Estamos diante do remanente más baixo dos últimos cinco anos e tamén estamos diante de condicións extremadamente extraordinarias. É dicir, son circunstancias económicas que todas as administracións teñen vivido. O Concello da Coruña non foi menos, pero en calquera caso si cabe recordar o equilibrio entre ingresos e gastos e tamén a boa execución. A cifra do remanente eu creo que revela ese equilibrio.

La situación financiera de este ayuntamiento es una situación saneada, es una situación de solvencia tanto en el corto como en medio y largo plazo. Un año más el Ayuntamiento, a pesar de la reducción de ingresos constatada por los cierres parciales y totales decretados por las medidas de contención sanitaria, cierra su ejercicio con un resultado positivo, finalizando el año con 6,5 millones de euros de remanente de tesorería para gastos generales, una cifra que da cuenta, por una parte, de la buena ejecución presupuestaria, pero también de la prudencia financiera del Gobierno municipal a la hora de administrar los recursos públicos. El equilibrio entre lo que ingresábamos y lo que ejecutábamos también se ponen de manifiesto al ver este análisis. Estamos ante el remanente más bajo de los últimos cinco años y también estamos ante condiciones extremadamente extraordinarias. Es decir, son circunstancias económicas que todas las administraciones han vivido. El Ayuntamiento de A Coruña no fue menos, pero en cualquiera caso sí cabe recordar el equilibrio entre ingresos y gastos y también la buena ejecución. La cifra del remanente yo creo que revela ese equilibrio.

Quero recordar que se pecha o ano 2020 cunhas obrigas recoñecidas netas de 240.505.232 €, unha das cifras más elevadas dos últimos seis exercicios, e que tamén a Conta Xeral pon de relevo o baixo nivel de endebedamento deste concello, con 40,1 millón de euros de débeda viva, unha cifra que rebaixa en 33 millóns a rexistrada cinco anos atrás, sen que daquela o Concello tivera tampoco problemas de solvencia ou de liquidez, máis que evidencia tamén que este concello conta cunha ampla marxe de manobra para afrontar investimentos

Quiero recordar que se cierra el año 2020 con unas obligaciones reconocidas netas de 240.505.232 €, una de las cifras más elevadas de los últimos seis ejercicios, y que también la Cuenta General pone de relieve el bajo nivel de endeudamiento de este ayuntamiento, con 40,1 millón de euros de deuda viva, una cifra que rebaja en 33 millones la registrada cinco años atrás, sin que en aquel momento el Ayuntamiento tuviera tampoco problemas de solvencia o de liquidez, pero que evidencia también que este ayuntamiento cuenta con un amplio



futuros. Cabe recordar que no ano 16 a débeda estaba en 73 millóns de euros e hoxe a débeda viva está en 40. Polo tanto, a día de hoxe estamos nun 17 % sobre o total do orzamento de débeda viva, cando coñecen o amplio marxe que permite a normativa legal.

A Conta Xeral tamén nos permite coñecer o bo funcionamento do Servizo de Contratación dende a súa reestruturación levada a cabo no mes de novembro de 2019 ou coñecer o volume de contratación cunha adxudicación total superior a 2012 millóns de euros.

O documento arroxa tamén datos relevantes no que se refire ás transferencias e subvencións, é dicir, na implicación municipal co tecido asociativo e coas persoas, rebasando por primeira vez os 38 millóns de euros no cómputo global.

Pero se hai un dato que eu creo que é significativo, e que explica tamén como se está traballando na relación cos provedores é o período medio de pago a provedores. Dende novembro do ano 19 ata o día de hoxe hai unha actuación continuada onde o PMP deixou de ser noticia, que é o mellor que pode pasar na xestión económica, e estamos durante todo o ano 2021 —xa lles podo avanzar— que é sempre por debaixo de 30 días e moi preto dos 20 días de media no conxunto do ano 21, o cal demostra que as reformas feitas e a implicación de tódolos profesionais que hai no Concello da Coruña está permitindo unha relación cos provedores en niveis moi, moi aceptables.

Sen dúbida isto non é autocomplacencia

margen de maniobra para afrontar inversiones futuras. Cabe recordar que en el año 16 la deuda estaba en 73 millones de euros y hoy la deuda viva está en 40. Por lo tanto, a día de hoy estamos en un 17 % sobre el total del presupuesto de deuda viva, cuando conocen el amplio margen que permite la normativa legal.

La Cuenta General también nos permite conocer el buen funcionamiento del Servicio de Contratación desde su reestructuración llevada a cabo en el mes de noviembre de 2019 o conocer el volumen de contratación con una adjudicación total superior a 2012 millones de euros.

El documento arroja también datos relevantes en lo que se refiere a las transferencias y subvenciones, es decir, en la implicación municipal con el tejido asociativo y con las personas, rebasando por primera vez los 38 millones de euros en el cómputo global.

Pero si hay un dato que yo creo que es significativo, y que explica también cómo se está trabajando en la relación con los proveedores, es el período medio de pago a proveedores. Desde noviembre del año 19 hasta el día de hoy hay una actuación continuada donde el PMP dejó de ser noticia, que es lo mejor que puede pasar en la gestión económica, y estamos durante todo el año 2021 —ya les puedo avanzar— que es siempre por debajo de 30 días y muy cerca de los 20 días de media en el conjunto del año 21, lo cual demuestra que las reformas hechas y la implicación de todos los profesionales que hay en el Ayuntamiento de A Coruña está permitiendo una relación con los proveedores en niveles muy, muy aceptables.

Sin duda esto no es autocomplacencia ni



nin se trata de botarnos flores. Entendemos como goberno que hai marxe de mellora nestas cifras, pero entendemos tamén que é de rigor recoñecer que a pesares dunha situación absolutamente excepcional derivada da pandemia as contas son no plano global, positivas e evidencian unha mellora na xestión, xestión que se rixe polas liñas marcadas pola nosa alcaldesa para acadar unha maior eficacia e eficiencia no uso dos recursos públicos.

Nada máis e moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señor Lage.

Turno xa para o debate. Señor Jorquera, polo Bloque Nacionalista Galego.

Señor Jorquera Caselas

Grazas, señora alcaldesa.

Como é habitual quero, en primeiro lugar, saudar o público que está seguindo este pleno a través de *streaming*, as traballadoras e traballadores do Concello, as traballadoras e traballadores da prensa e os membros da Corporación, e aproveito para desexarles tamén a todas e todos un feliz 2022. Oxalá 2022 sexa por fin o ano do retorno á normalidade.

Como en exercicios pasados, os datos da Conta Xeral teñen luces e sombras. Reflicten unha situación de equilibrio patrimonial, pero como en anos pasados o informe advierte da existencia de elementos que falsean a imaxe da situación patrimonial do Concello, pois —cito textualmente— non se incorporan ó patrimonio operacións que non teñen

se trata de echarnos flores. Entendemos como gobierno que hay margen de mejora en estas cifras, pero entendemos también que es de rigor reconocer que a pesar de una situación absolutamente excepcional derivada de la pandemia las cuentas son en el plano global, positivas y evidencian una mejora en la gestión, gestión que se rige por las líneas marcadas por nuestra alcaldesa para conseguir una mayor eficacia y eficiencia en el uso de los recursos públicos.

Nada más y muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señor Lage.

Turno ya para el debate. Señor Jorquera, por el Bloque Nacionalista Galego.

Señor Jorquera Caselas

Gracias, señora alcaldesa.

Como es habitual quiero, en primer lugar, saludar el público que está siguiendo este pleno a través de la retransmisión en directo, a las trabajadoras y trabajadores del Ayuntamiento, a las trabajadoras y trabajadores de la prensa y a los miembros de la Corporación, y aprovecho para desearles también a todas y todos un feliz 2022. Ojalá 2022 sea por fin el año del retorno a la normalidad.

Como en ejercicios pasados, los datos de la Cuenta General tienen luces y sombras. Reflejan una situación de equilibrio patrimonial, pero como en años pasados el informe advierte de la existencia de elementos que falsean la imagen de la situación patrimonial del Ayuntamiento, pues —cito textualmente— no se incorporan al patrimonio



incidencia orzamentaria, das que non se ten coñecemento, como son as doazóns, cesións ou permutas, e ademais o balance tampouco incorpora fielmente o patrimonio público do chan e non se contabilizan as amortizacións.

Así, o informe da Tesouraría Xeral apunta que existen limitacións importantes á hora de facer un análise da información contábel e por iso hai unha valoración irreal dos elementos de inmobilizado, investimentos inmobiliarios e patrimonio público do chan, e lembra de novo que este concello carece dun inventario de bens e contábel, polo que o balanzo de situación non reflicte a imaxe fiel da entidade no seu aspecto patrimonial, se ben o informe alude tamén a que se deron os primeiros pasos para a posta en marcha dunha ferramenta informática co obxecto de intentar corrixir esta situación.

Os datos reflecten tamén unha situación de equilibrio financeiro, os indicadores de liquidez e solvencia amosan unha mellora da situación de tesouraría respecto ó peche do exercicio 2019, mais aínda así, segundo o informe da Tesouraría Xeral, a situación segue sendo fráxil. O informe indica que no segundo semestre se produciron tensións de liquidez motivadas por esta fraxilidade e a modificación do calendario fiscal por mor da crise da COVID-19, e advirte da inexistencia dun plan de disposición de fondos, pese a ser obrigatorio e ser unha ferramenta imprescindíbel nos supostos de falta de liquidez.

Os datos reflecten tamén un descenso dos ingresos por primeira vez nos últimos catro anos, se ben foi un descenso moderado, de pouco máis de 4 millóns de

operaciones que no tienen incidencia presupuestaria, de las que no se tiene conocimiento, como son las donaciones, cesiones o permutas, y además el balance tampoco incorpora fielmente el patrimonio público del suelo y no se contabilizan las amortizaciones.

Así, el informe de la Tesorería General apunta que existen limitaciones importantes a la hora de hacer un análisis de la información contable y por eso hay una valoración irreal de los elementos de inmovilizado, inversiones inmobiliarias y patrimonio público del suelo, y recuerda de nuevo que este ayuntamiento carece de un inventario de bienes y contable, por lo que el balance de situación no refleja la imagen fiel de la entidad en su aspecto patrimonial, si bien el informe alude también a que se dieron los primeros pasos para la puesta en marcha de una herramienta informática con el objeto de intentar corregir esta situación.

Los datos reflejan también una situación de equilibrio financiero, los indicadores de liquidez y solvencia muestran una mejora de la situación de tesorería respecto al cierre del ejercicio 2019, pero aun así, según el informe de la Tesorería General, la situación sigue siendo frágil. El informe indica que en el segundo semestre se produjeron tensiones de liquidez motivadas por esta fragilidad y la modificación del calendario fiscal a causa de la crisis de la COVID-19, y advierte de la inexistencia de un plan de disposición de fondos, pese a ser obligatorio y ser una herramienta imprescindible en los supuestos de falta de liquidez.

Los datos reflejan también un descenso de los ingresos por primera vez en los últimos cuatro años, si bien fue un descenso moderado, de poco más de 4



euros, aínda que o desfase é moito maior respecto das previsións. Sen dúbida o impacto da pandemia explica en parte esta caída, como explica tamén que se incrementase a débeda, aínda que fose dun xeito moi moderado que en absoluto ameaza a situación de solvencia do Concello. Consideramos tamén que a evolución da débeda, examinada nun período de tempo máis amplio, segue sendo moi positiva.

Polo que respecta a análise orzamentaria, os gastos e ingresos pasaron dunha previsión inicial de 260 millóns a superar os 319 froito de sucesivas modificacións que incrementaron as previsións en máis de 59 millóns. Parécenos positivo, xa se aludiu antes ó incremento de 6,5 millóns de euros nas transferencias e subvencións con respecto a 2019. Sen dúbida nese incremento ten moito que ver o PRESCO e os incrementos no Anexo de Subvencións nominativas, froito da aportación de todos os grupos, mais pola contra somos críticos co grao de execución. Aínda que houbo unha alta execución tanto en gastos como ingresos, o grao de execución dos orzamentos de gastos nos capítulos 6 e 7 é significativamente baixo. Así, no Capítulo 6 de Investimentos reais a execución só foi do 33,43 % e só do 29,22 no Capítulo 7 de Transferencias de capital. A consecuencia é que a execución orzamentaria retrocedeu dun 78,55 a un 75,35, ficando 79 millóns sen gastar, e a diferenza entre o que se orzamenta e o que se executa é un indicador importante á hora de medir a eficacia na xestión.

Polo demais, o BNG non vai dificultar que se apruebe a Conta Xeral, aínda que quero rematar expresando un desexo.

millones de euros, aunque el desfase es mucho mayor respecto de las previsiones. Sin duda el impacto de la pandemia explica en parte esta caída, como explica también que se incrementara la deuda, aunque fuera de una manera muy moderada que en absoluto amenaza la situación de solvencia del Ayuntamiento. Consideramos también que la evolución de la deuda, examinada en un período de tiempo más amplio, sigue siendo muy positiva.

Por lo que respecta el análisis presupuestario, los gastos e ingresos pasaron de una previsión inicial de 260 millones a superar los 319 fruto de sucesivas modificaciones que incrementaron las previsiones en más de 59 millones. Nos parece positivo, ya se aludió antes al incremento de 6,5 millones de euros en las transferencias y subvenciones con respecto a 2019. Sin duda en ese incremento tiene mucho que ver el PRESCO y los incrementos en el Anexo de Subvenciones nominativas, fruto de la aportación de todos los grupos, pero por el contrario somos críticos con el grado de ejecución. Aunque hubo una alta ejecución tanto en gastos como ingresos, el grado de ejecución de los presupuestos de gastos en los capítulos 6 y 7 es significativamente bajo. Así, en el Capítulo 6 de Inversiones reales la ejecución solo fue del 33,43 % y solo del 29,22 en el Capítulo 7 de Transferencias de capital. La consecuencia es que la ejecución presupuestaria retrocedió de un 78,55 a un 75,35, quedando 79 millones sin gastar, y la diferencia entre lo que se presupuesta y lo que se ejecuta es un indicador importante a la hora de medir la eficacia en la gestión.

Por lo demás, el BNG no va a dificultar que se apruebe la Cuenta General, aunque quiero finalizar expresando un



deseo.

Comecei desexándolle a todas a todos feliz ano, aproveito tamén o final da miña intervención para desexarles tamén, para que vexan que non son sectario, xa sexa o Apalpador, xa sexan os Reis Magos, que lles traian tamén moitos regalos, por exemplo uns novos orzamentos, porque estamos a 30 de decembro de 2021 e en vez de celebrar un pleno para aprobar os orzamentos de 2022, estamos a celebrar un pleno para aprobar a Conta Xeral de 2020, 2020, precisamente o ano no que entraron en vigor os orzamentos que siguen vixentes. Hoxe mesmo houbo unha Xunta de Goberno extraordinaria para acordar unha nova prórroga dos orzamentos de 2020. Polo tanto, que lles traian moitos agasallos e a ver se temos o agasallo neste concello de que haxa uns novos orzamentos.

Comencé deseándole a todas a todos feliz año, aprovecho también el final de mi intervención para desearles también, para que vean que no soy sectario, ya sea el Apalpador, ya sean los Reyes Magos, que les traigan también muchos regalos, por ejemplo unos nuevos presupuestos, porque estamos a 30 de diciembre de 2021 y en vez de celebrar un pleno para aprobar los presupuestos de 2022, estamos celebrando un pleno para aprobar la Cuenta General de 2020, 2020, precisamente el año en el que entraron en vigor los presupuestos que siguen vigentes. Hoy mismo hubo una Junta de Gobierno extraordinaria para acordar una nueva prórroga de los presupuestos de 2020. Por lo tanto, que les traigan muchos regalos y a ver si tenemos el regalo en este ayuntamiento de que haya unos nuevos presupuestos.

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Presidencia

Moitas grazas, señor Jorquera.

Muchas gracias, señor Jorquera.

Turno para a Marea Atlántica, señor Martínez.

Turno para la Marea Atlántica, señor Martínez.

Señor Martínez Durán

Grazas, señora alcaldesa.

Señor Martínez Durán

Gracias, señora alcaldesa.

Moi bo día a todos e a todas, concelleiros, concelleiras, persoal municipal, medios de comunicación, veciños e veciñas que nos seguen a través do streaming.

Muy buenos días a todos y a todas, concejales, concejalas, personal municipal, medios de comunicación, vecinos y vecinas que nos siguen a través de la retransmisión en directo.

Antes de entrar ó debate sobre a Conta Xeral quería transmitir en nome do Grupo Municipal da Marea Atlántica todo o noso apoio ó persoal sanitario que se..., exhausto e desbordado despois de

Antes de entrar al debate sobre la Cuenta General quería transmitir en nombre del Grupo Municipal de la Marea Atlántica todo nuestro apoyo al personal sanitario que se..., exhausto y desbordado después



ano e medio de pandemia, que esta mañá se manifestaba ás portas do Hospital e con quen estivemos. Dáme no nariz —supono que esta será unha mensaxe de apoio compartida con máis grupos—, dáme no nariz que hoxe o Partido Popular porá máis atención á súa escenificación no numerito dos orzamentos. Señora Gallego, non desaproveite a oportunidade de dedicarlle uns segundos tamén ó persoal sanitario. Non desaproveite a oportunidade de... de poñer en evidencia que lle importa a saúde dos cidadáns e das cidadás por enriba da lealdade ó presidente da Xunta, non sendo que sexa vostede desa facción vanguardista do Partido Popular que lideran Ayuso e Cayetana Álvarez de Toledo e pense que os sanitarios e as sanitarias son unha panda de vagos que non collen o teléfono.

Indo ó asunto que nos ocupa, eu creo que os debates sobre a Conta Xeral son case sempre debates extemporáneos que nos obrigan a mirar a vista a exercicios xa pechados con normalmente unha demora de nove, dez meses, neste caso máis. Foi peor o ano pasado. A Conta Xeral de 2019 aprobouse aquí no mes de marzo, con moiísimo retraso. Neste caso, debater sobre a Conta Xeral de 2020 é especialmente extemporáneo. Pasou moito tempo, está fóra de prazo, tres meses fóra de prazo, pero ademais polo medio houbo unha pandemia que cambiou seguramente, non só a situación financeira do Concello, senón tamén as prioridades e as previsións que temos de cara ó futuro. Media tamén un ano infelizmente marcado pola falta de orzamentos e ademais estamos a corenta e oito horas de entrar nun novo ano que é dende logo onde a Marea Atlántica ten posta a cabeza.

de año y medio de pandemia, que esta mañana se manifestaba a las puertas del Hospital y con quien estuvimos. Me da en la nariz —supongo que este será un mensaje de apoyo compartido con más grupos—, me da en la nariz que hoy el Partido Popular pondrá más atención a su escenificación en el numerito de los presupuestos. Señora Gallego, no desaproveche la oportunidad de dedicarle unos segundos también al personal sanitario. No desaproveche la oportunidad de... de poner en evidencia que le importa la salud de los ciudadanos y de las ciudadanas por encima de la lealtad al presidente de la Xunta, no siendo que sea usted de esa facción vanguardista del Partido Popular que lideran Ayuso y Cayetana Álvarez de Toledo y piense que los sanitarios y las sanitarias son una panda de vagos que no cogen el teléfono.

Yendo al asunto que nos ocupa, yo creo que los debates sobre la Cuenta General son casi siempre debates extemporáneos que nos obligan a mirar la vista a ejercicios ya cerrados con normalmente una demora de nueve, diez meses, en este caso más. Fue peor el año pasado. La Cuenta General de 2019 se aprobó aquí en el mes de marzo, con muchísimo retraso. En este caso, debatir sobre la Cuenta General de 2020 es especialmente extemporáneo. Pasó mucho tiempo, está fuera de plazo, tres meses fuera de plazo, pero ademáis de por medio hubo una pandemia que cambió seguramente, no solo la situación financiera del Ayuntamiento, sino también las prioridades y las previsiones que tenemos de cara al futuro. Media también un año infelizmente marcado por la falta de presupuestos y ademáis estamos a cuarenta y ocho horas de entrar en un nuevo año que es desde luego donde la Marea Atlántica tiene puesta la cabeza.



As magnitudes, os indicadores desta conta xeral na súa inmensa maioría son coñecidos, xa foron obxecto de debate aquí, ben pola aprobación da Liquidación, ben porque, bueno, vinculada a outros debates, o portavoz do Goberno, o concelleiro de Facenda, fixo referencia a algúns deles.

Efectivamente, a situación financeira é moderadamente boa, os indicadores aforro neto, resultado orzamentario, remanente, fondo de manobra, son positivos. Alégrame que o Partido Socialista celebre agora a redución da débeda viva deste concello que é obra do Goberno da Marea Atlántica. Até agora non se facía así, entendo que agora é a diferencia entre predicar e dar trigo, agora que hai que empezar a pensar en eventuais operacións de crédito para financiar esa resposta que un concello ten que dar á situación social e económica e tamén á actualización de determinados contratos, é cando nos acordamos do útil que é no contexto normativo que teñen os concellos no Reino de España ter unha débeda viva reducida. O Partido Popular deixouna en máximos, a Marea Atlántica deixouna en cifras razonables.

2020 tamén é... esta conta xeral tamén é a fotografía do primeiro ano completo do Partido Socialista no Goberno. Creo que foi un ano que o Goberno, pandemia á marxe, a abordou nunha situación inmellorable, con orzamentos en tempo impulsados coa colaboración da Marea Atlántica e do Bloque Nacionalista Galego, da Marea Atlántica moi especialmente, coa máquina en marcha, con moitos proxectos nos caixóns e nesa medida creo que o balance que se pode facer, á vista da execución, non é, desde logo, satisfactorio.

Las magnitudes, los indicadores de esta cuenta general en su inmensa mayoría son conocidos, ya fueron objeto de debate aquí, bien por la aprobación de la Liquidación, bien porque, bueno, vinculada a otros debates, el portavoz del Goberno, el concejal de Hacienda, hizo referencia a algunos de ellos.

Efectivamente, la situación financiera es moderadamente buena, los indicadores ahorro neto, resultado presupuestario, remanente, fondo de maniobra, son positivos. Me alegra que el Partido Socialista celebre ahora la reducción de la deuda viva de este ayuntamiento que es obra del Gobierno de la Marea Atlántica. Hasta ahora no se hacía así, entiendo que ahora es la diferencia entre predicar y dar trigo, ahora que hay que empezar a pensar en eventuales operaciones de crédito para financiar esa respuesta que un ayuntamiento tiene que dar a la situación social y económica y también a la actualización de determinados contratos, es cuando nos acordamos de lo útil que es en el contexto normativo que tienen los ayuntamientos en el Reino de España tener una deuda viva reducida. El Partido Popular la dejó en máximos, la Marea Atlántica la dejó en cifras razonables.

2020 también es... esta cuenta general también es la fotografía del primer año completo del Partido Socialista en el Gobierno. Creo que fue un año que el Gobierno, pandemia al margen, la abordó en una situación inmejorable, con presupuestos en tiempo impulsados con la colaboración de la Marea Atlántica y del Bloque Nacionalista Galego, de la Marea Atlántica muy especialmente, con la máquina en marcha, con muchos proyectos en los cajones y en esa medida creo que el balance que se puede hacer, a la vista de la ejecución, no es, desde luego, satisfactorio.



A execución orzamentaria global é a máis baixa dos últimos cinco anos, mesmo no Capítulo de Investimentos, malia a maquillaxe das expropiacións de Elviña, segue a ser a máis baixa dos últimos cinco anos, moi especialmente máis baixa que a da Marea Atlántica en 2018.

As memorias de xestión tamén deixan, insisto, —a pesar da pandemia, que é claramente o denominador común do balance que o Goberno fai do seu traballo en 2020—, as memorias de xestión tamén deixan elementos de preocupación. Hai un incumprimento notable dos propios obxectivos do Goberno. Se poden poñer mil exemplos, non me daría tempo a poñelos todos, dende a situación da planta de Nostián até a baixísima, baixísima, execución de axudas á rehabilitación. Non sorprende que algunas concellarías omitan na memoria de xestión os datos de execución, porque más da metade das áreas de goberno quedaron por debaixo do 50 %. Iso non é positivo.

Hai tamén —xa vou rematando— outro xeito de tomarlle a temperatura a esta conta xeral, que é o da Marea Atlántica, que é medila con respecto ós acordos políticos coa Marea Atlántica que permitiron a súa aprobación, e aí, como sabe a alcaldesa, como sabe o Goberno municipal, a nosa valoración é claramente insatisfactoria.

Creo que isto debe mover ó Goberno a unha reflexión. Creo que se está facendo esa reflexión e que debe axudar a que os acordos que nas próximas semanas nos permitan impulsar os orzamento de 2022 corrijan algunas das cousas que pasaron en 2020 con respecto ós acordos que adoptamos a finais de 2019.

La ejecución presupuestaria global es la más baja de los últimos cinco años. Incluso en el Capítulo de Inversiones, a pesar del maquillaje de las expropiaciones de Elviña, sigue siendo la más baja de los últimos cinco años, muy especialmente más baja que la de la Marea Atlántica en 2018.

Las memorias de gestión también dejan, insisto, —a pesar de la pandemia, que es claramente el denominador común del balance que el Gobierno hace de su trabajo en 2020—, las memorias de gestión también dejan elementos de preocupación. Hay un incumplimiento notable de los propios objetivos del Gobierno. Se pueden poner mil ejemplos, no me daría tiempo a ponerlos todos, desde la situación de la planta de Nostián hasta la bajísima, bajísima, ejecución de ayudas a la rehabilitación. No sorprende que algunas concejalías omitan en la memoria de gestión los datos de ejecución, porque más de la mitad de las áreas de gobierno quedaron por debajo del 50 %. Eso no es positivo.

Hay también —ya voy finalizando— otra manera de tomarle la temperatura a esta cuenta general, que es el de la Marea Atlántica, que es medirla con respecto a los acuerdos políticos con la Marea Atlántica que permitieron su aprobación, y ahí, como sabe la alcaldesa, como sabe el Goberno municipal, nuestra valoración es claramente insatisfactoria.

Creo que esto debe mover al Gobierno a una reflexión. Creo que se está haciendo esa reflexión y que debe ayudar a que los acuerdos que en las próximas semanas nos permitan impulsar los presupuesto de 2022 corrijan algunas de las cosas que pasaron en 2020 con respecto a los acuerdos que adoptamos la finales de 2019.



Para rematar, —non obstaculizaremos, por suposto, a aprobación desta conta xeral— para rematar, señor Jorquera, permítame exercer un pouco de republicano: os orzamentos de 2022 non os vai traer nin o Apalpador nin os Reis Magos, probablemente os traigan o Partido Socialista e a Marea Atlántica.

Nada más, moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señor Martínez.

Turno para o Partido Popular, señora Gallego.

Señora Gallego Neira

Si, moitas grazas.

Bos días a todos. Felicitar en nome do meu grupo o ano a todos os coruñeses. A miña felicitación especial para o persoal sanitario, e non sanitario, que está a facer fronte á pandemia desde hai case dous anos dunha maneira exemplar.

E a realidad é que estamos ao 30 de decembro e traen para aprobación a Conta Xeral de 2020 que tiñan que aprobar antes do 15 de outubro e enviado ao Consello de Contas antes desa data. Logo quéixanse de que non reciben subvencións.

Para a alcadesa —díxoo— isto é un trámite administrativo sen importancia, e áinda por riba tráena condicionada a que non se presentaron alegacións, porque o prazo terminaba onte. Ou sexa, que áinda poida que volva a Pleno.

Neste asunto adianto que nos imos a abstener porque o bipartito Marea e PSOE

Para finalizar, —no obstaculizaremos, por supuesto, la aprobación de esta cuenta general— para finalizar, señor Jorquera, permítame ejercer un poco de republicano: los presupuestos de 2022 no los va a traer ni el Apalpador ni los Reyes Magos, probablemente los traigan el Partido Socialista y la Marea Atlántica.

Nada más, muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señor Martínez.

Turno para el Partido Popular, señora Gallego.

Señora Gallego Neira

Sí, muchas gracias.

